



MISA CON NENOS

6 de febreiro de 2022

T. Ordinario-5º C

LUCAS 5, 1-11: “*Deixándoo todo, seguírono*”.

Mensaxe: **Quero caer nas túas redes**



1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás: sede todos benvidos a este encontro dominical para celebrar a nosa fe. Aquí xunto ao Señor e aos irmáns reunidos atopamos a forza necesaria para deixalo todo, para seguir a Xesús, para ser pescadores de homes, para responder á súa chamada de ser hoxe dos seus nos mares da vida.

(*Saímos cun póster de Xesús e uns peixes de cores con nomes e unha frase: “Quero caer nas túas redes”. Poñemos eses peixes encima dunha rede nas escaleiras.*)

No nome do Pai... O Señor que nos chama a seguilo e a coidar dos que pasan necesidade, sexa convosco.

2. SÚPLICAS DE PERDÓN

En silencio, poñámonos ante Deus e pidámoslle o seu perdón e a súa graza.

- Ti chámamos a seguirte deixando as redes que nos atan e escravizan. **Señor ten piedade de nós.**

- Ti chámamos a remar máis dentro, a valorar máis a túa amizade, a crecer en unión contigo. **Cristo ten piedade de nós.**

- Ti dás a túa vida por nós e esperas unha resposta de fe e de entrega. **Señor ten piedade de nós.**



3. MONICIÓN ÁS LECTURA

Que bo sería, que coas lecturas que imos escoitar neste día, pedísemos a Deus, que teñamos un encontro persoal con El. Isaías, san Paulo ou os mesmos discípulos, puideron ser fieis ao Señor porque tiveron unha experiencia moi forte do Señor. Escoitemos e oxalá nos sintamos citados a dar a coñecer con máis alegría, a existencia e presenza de Xesús de Nazaré. Escoitemos con especial atención hoxe a carta de Paulo que é a primeira profesión de fe que coñecemos, o primeiro credo.

4. ORACIÓN DOS FIEIS

A Deus noso Pai que por Xesús séguenos chamando a ser os seus enviados dicímoslle:

-Quero caer nas túas redes, Señor. -Que nos enredemos na túa misión, Señor.

1. Pola igrexa. Para que sexa forte ante as dificultades e déixese levar pola man e a voz de Xesús. *Oremos.*
2. Polos mozos. Para que haxa moitos que como Pedro e os demais apóstolos sigan a Xesús xenerosamente. *Oremos.*
3. Pola nosa comunidade parroquial. Para que confíe máis na forza de Deus que na súa propia forza. *Oremos.*
4. Polos que o están pasando mal. Os en paro, os enfermos, os que sofren por calquera causa. *Oremos.*
5. Polos que pronto iniciaremos a Coresma. Para que vivamos a proximidade aos demais e cambiemos o corazón. *Oremos.*
6. Polos voluntarios de Mans Unidas, por todos aqueles que colaboramos en proxectos de desenvolvemento. *Oremos.*
7. Por todos nós, polos misioneiros e os axentes de desenvolvemento no mundo. *Oremos.*
Ti Señor coñeces o que máis nos fai falta, que se faga a túa vontade.



5. PROCESIÓN DE OFRENDAS

UNS REMOS OU BARCA: Na Igrexa, no mundo, na nosa terra, na nosa parroquia, na nosa familia... fan falta persoas que remen mar dentro. É dicir, que se arrisquen por conseguir coa axuda de Deus o que necesitamos para ser felices. Con estes remos queremos dicirlle ao Señor que conte connosco.

PÓSTER DE PEIXES DE CORES COS NÓSOS NOMES: Xesús segue hoxe chamando a ser dos seus. Nós queremos deixarnos caer nas súas redes, queremos deixarnos pescar por el e construír o seu reino, sendo testemuñas, mensaxeiros da boa noticia do evanxeo.

PAN E O VIÑO: Finalmente, antes de seguir coa Eucaristía, traemos ao altar o pan e o viño. Sen a Eucaristía todo o que nos propoñemos sería difícil de levar a cabo ou de cumprir. O pan de Deus é para nós a forza do que quere remar na dirección que Cristo márcanos.

6. SUXESTIÓNS:

- O **evanxeo é fácil de representar: o mar** (o mundo, a sociedade, os problemas); a **barca** (a igrexa; sacerdotes, catequistas, mozos) e Xesús que ilumina e resolve todo coa forza da súa Palabra. Un grupo de nenos ou de mozos simulando ás olas poden representar ao odio, a tristeza, o egoísmo, as guerras. E, outros máis, son enviados no nome do Señor... pescando, no medio de todo, **o perdón, a alegría, a caridade, a igualdade ou a solidariedade**.
- Prestemos hoxe especial atención á 2ª lectura 1Cor 15,1-11: é a primeira profesión de fe que coñecemos, o primeiro Credo. É o que aprendeu san Paulo cando se converteu, e que anuncia basicamente a morte e a resurrección de Xesús.
- Facemos un **cartel con peixes de cores** cos nosos nomes e a frase: "Quero caer nas túas redes". Para que me quere pescar el? En que podo axudarlle?
- Facemos un **cartel con 10-12 peces**. Dentro de cada peixe escribimos o nome dunha persoa (pais, amigos, compañeiros)... Recortámoslos e colocámoslos nun cartel no que haxa debuxada unha rede. Na ofrenda dicimos os nomes e damos grazas.



7. VÍDEOS 5º ORDINARIO-C Lucas 5, 1-11 A pesca milagrosa

- Pesca milagrosa, debuxos dinamizados: <http://www.youtube.com/watch?v=tg-NWj7ZjTs>
- A pesca milagrosa, debuxos: <http://www.youtube.com/watch?v=WzCE-zDA7Ek>
- A pesca milagrosa, debuxos: <https://youtu.be/b2MrrzhqXDg>
- A pesca milagrosa, película: <https://youtu.be/AS97qq3xtmY>
- A pesca milagrosa, película: <http://www.youtube.com/watch?v=cjbvvpXPA4A> -Lucas 5,1-11, A pesca milagrosa, película: https://www.youtube.com/watch?v=SjHwZa6x0_Q
- A pesca milagrosa, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=WzCE-zDA7Ek>
- Mar dentro, Javier Brú, canción: <https://www.youtube.com/watch?v=Sdj2UHIYbu8>
- No teu nome botarei as redes, canción: <https://www.youtube.com/watch?v=kxstb7KFSOM>
- Ven e sígueme, Jesed: <https://www.youtube.com/watch?v=4zN2-cneZUE>
- A vida é vocación, Verbo Divino 2013, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=7B1nepp2VyU>
- Xunto a ti buscarei outro mar, Verbo Divino 2016, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=Z--78CDrnAQ>
- Botar as redes, Verbo Divino 2019, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=ys4R-zwwx7ou>
- Cuestión de confianza, Verbo Divino 2022, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=1k0e39gsDHg>
- Lecturas con linguaxe de signos <https://www.youtube.com/watch?v=3iyGV4J2JDE>
- Cousas de Deus de Alex Navarro Mulet, o evanxeo do domingo en Youtube con humor: https://www.youtube.com/channel/UCft6btUTuaN3TRF_syJixww/videos



Pescador de homes

Señor, Ti enche de sentido a miña vida,
búscasme para cumprir unha tarefa, para completar a que ti comezaches.

Eu quero ser dos teus, deixarme seducir por Ti
e comprometerme na túa misión, para que todos vivamos unha vida mellor.

Contigo quero ser dos que unen, dos que xeran benestar ao redor,
dos que transforman a súa contorna, dos que constrúen paz e xustiza.

Ao teu lado e cos teus irmáns, quero construír o teu reino,
enchelo de sinxeleza e solidariedade, malgastar misericordia e agarimo.

O noso mundo competitivo e rápido está necesitado de profetas do Amor,
de compañeiros acoledores que faciliten a vida,
de amigos fieis que che presenten a Ti como oferta de felicidade e plenitude,
como proxecto de vida apaixonante e universal.

Xuntos imos transformar a Terra, imos cambiar as présas por sorrisos,
a competitividade en complementariedade, a diferenza en valor e en riqueza,
a comunicación en encontros e o día a día en momentos para gozar e amar.

Somos a túa xente, Señor, imos contigo.
Dános a túa forza, contáxianos os teus soños e xuntos construiremos o teu Reino.

Mari Patxi Ayerra